



## CONCELLO DE PARADELA

Ayda. Cabaleiros de Santiago, 15 – 27611 Paradelas (Lugo)  
Telf.: 982 54 11 01 – Fax.: 982 54 12 32 / 07  
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

### ACTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DA OPOSICIÓN PARA CUBRIR EN RÉXIME DE INTERINIDADE, UN POSTO DE ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL; SUBESCALA AUXILIAR ADMINISTRATIVO CD. 18. RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS AO PRIMEIRO EXERCICIO

En Paradelas a dez de marzo de dous mil dezaseis sendo as nove horas (9:00), constitúese o tribunal cualificador, do proceso de selección para cubrir en réxime de interinidade, un posto de Escala de Administración xeral; subescala auxiliar administrativo CD. 18, mediante o sistema de oposición, composto por:

- D<sup>a</sup>. Mónica Vázquez Fandiño, Presidenta.
- D. Julio González Casanova, Vogal.
- D<sup>a</sup>. Elisa Muñoz Álvarez, Vogal.
- D. Antonio Lorenzo Morandeira, Vogal.
- D. José López González, Secretario.

Celebrado o primeiro exercicio, exame tipo test, con data 25 de febreiro de 2016 e a vista da acta do Tribunal Cualificador como da plantilla de respostas, colgados ambos na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios ese mesmo día, outorgáronse tres días para presentación de alegacións.

Aberto o prazo para a presentación de alegacións, constan as seguintes alegacións presentadas

- Don Alexendre Gago García, con D.N.I. 53.1189.990-H, presenta unha alegación respecto da pregunta 42.
- Dona Blanca Lijó Rodríguez, con D.N.I. 36.123.758-G, presenta unha alegación respecto da pregunta 4.
- Don Diego A. Dopico Furelos con D.N.I. 32.713.386-A, presenta unha alegación respecto da pregunta 28.

Vistas as alegacións anteriores e examinadas polo Tribunal este procede a resolvelas, do seguinte xeito:

PRIMEIRA.- Don Alexendre Gago García, con D.N.I. 53.1189.990-H, presenta unha alegación respecto da pregunta 42, solicitando a anulación da citada pregunta ao considerar que non ten unha opción totalmente correcta, ao xerar confusión entre as opción b) e c) principalmente, xa que segundo a Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, non se atopa ningunha das opcións propostas.

**42.- ¿Cal das seguintes conductas se considera falta grave para un funcionario?**

- a) A publicación de secretos oficiais.
- b) O incumprimento do horario de traballo.
- c) A falta de obediencia debida aos superiores.
- d) A incorrección co público.

**A xuízo do Tribunal o precepto invocado polo alegante non é de aplicación, polo que a resposta correcta á c).**

SEGUNDA.- Dona Blanca Lijó Rodríguez, con D.N.I. 36.123.758-G, presenta unha alegación respecto da pregunta 4. Pregunta que foi formulada do seguinte xeito:

**“4.- O contrato polo que un arquitecto se compromete a levar a dirección facultativa dunha obra é un contrato:**

- a) De obra.
- b) Laboral.
- c) De servizos.
- d) Mercantil”

Entende a aspirante que a pregunta fai referencia concreta á dirección facultativa dunha obra polo que un contrato de servizos segundo a definición do artigo 10 do RD 3/2011 debe ter un resultado distinto ao dunha obra, solicitando a anulación da pregunta ou dar como válida a opción a).

**Confirmar como resposta correcta a c).**

TERCEIRA.- Don Diego A. Dopico Furelos con D.N.I. 32.713.386-A, presenta unha alegación respecto da pregunta 28, por un erro na plantilla, na que constaba como correcta a opción d) cando a resposta correcta era a opción b).

**O propio Tribunal, en data 26 de febreiro de 2016, de oficio procedeu á rectificación da plantilla, respecto da pregunta 28 e publicou ese mesmo día no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal, sen que consten alegacións a dita corrección.**

A PRESIDENTA

Asdo.: Mónica Vázquez Fandiño

O SECRETARIO

Asdo.: José López González



Asdo.: Julio González Casanova

Asdo.: Elisa Muñoz Álvarez

Asdo.: Antonio Lorenzo Morandeira